

Normativa do II Torneo de baloncesto 3x3 do IES Alexandre Bóveda
(adaptación da normativa FIBA)

1. As regras oficiais de baloncesto de FIBA son válidas para todas as situacións do xogo.
2. Os equipos poden estar compostos por 4, 5 o 6 integrantes. Deben ser equipos mixtos e en todo momento ten que haber ao menos unha xogadora e un xogador na cancha.
3. Un lanzamento de moeda determinará que equipo terá a primeira posesión.
4. O partido debe iniciarse con tres integrantes por equipo.
5. O equipo que non se presente ao inicio do partido con polo menos tres integrantes perderá o encontro por non comparecencia. O resultado será de 6-0.
6. Si nalgún momento un equipo deixa de ter carácter mixto na cancha de xogo, o partido darase por perdido por 6-0.
7. Puntuación
 - 7.1 Cada tiro dentro do arco terá un valor de 1 punto.
 - 7.2 Cada tiro libre terá un valor de 1 punto.
 - 7.3 Cada tiro fora do arco terá un valor de 2 puntos.
8. O tempo de xogo será de 8 minutos a tempo corrido. O reloxo non se deterá salvo casos excepcionais.
9. O primeiro equipo en anotar 11 puntos ou máis gañará o partido.
10. Se non se alcanzan os 11 puntos, gañará o equipo con máis puntos ao término dos 8 minutos.

11. No caso de empate ao término dos 8 minutos, desempatarase con unha morte súbita de tiros libres.

12. Todas las faltas serán sancionadas có lanzamento dun tiro libre.

13. Outorgarase un tiro libre adicional polas faltas cometidas durante o acto de tiro seguidas dunha canastra anotada.

14. Como se pon o balón en xogo.

14.1 Despois dun lanzamento anotado: un xogador do equipo rival reiniciará o xogo desde fóra do arco.

14.2 Despois dun lanzamento non anotado:

- Se o equipo ofensivo captura o rebote, poderá seguir xogando sen saír do arco.

- Se o equipo defensivo captura o rebote, terá que saír do arco para seguir xogando.

15. No caso de que suceda unha situación de balón entre dous, o equipo defensivo recibirá o balón.

16. No xogar de forma activa (p. ex., non tratar de anotar) será considerado como unha violación e sancionado con un intercambio da posesión.

17. As posesións non poderán exceder os 20 segundos.

18. As substitucións pódense realizar en calquera momento, pero debe haber un choque de mans entre @ xogador@ saliente e o entrante.

19. Clasificación.

19.1 O torneo organizarase en fase de grupos e eliminatorias, en función do número de equipos participantes en cada categoría (A: 1º-2º ESO; B: 3º ESO-4º ESO).

19.2 No primeiro clasificado de cada grupo será o equipo con máis vitorias.

19.3 No caso de empate a número de vitorias, quedará por diante o equipo con mellor balance de puntos anotados e puntos recibidos.

19.4 No caso de empate nos epígrafes anteriores, quedará por diante o equipo con máis puntos anotados.

19.5 No caso de empate nos epígrafes anteriores, a clasificación determinarase polo lanzamento dunha moeda ao aire.

20. Sanciones.

20.1 No caso de que un xogador ou xogadora falte ao respecto ou agrida a un compañeir@, a un rival ou ao árbitr@ será descualificad@ do torneo.

20.2 No caso de que dous ou máis xogadores dun equipo falten ao respecto ou agridan a un compañeir@, a un rival ou ao árbitr@, o equipo ao completo será descualificado do torneo.

20.2 Os xogadores ou xogadoras que reciban unha falta de conduta no aula ou fóra dela durante o transcurso do torneo serán sancionados con un partido sen xogar.

20.3 Os xogadores ou xogadoras que reciban unha segunda falta de conduta na aula ou fóra dela durante o transcurso do torneo serán sancionados con tres partidos sen xogar.

20.4 Os xogadores ou xogadoras que reciban unha terceira falta de conduta na aula ou fóra dela durante o transcurso do torneo serán descualificados do torneo.

21. Equipamento.

21.1 Os integrantes dos distintos equipos tratarán de acudir aos partidos con camisetas da mesma cor (solicitamos que se evite a cor azul).

21.2 No caso de que haxa que distinguir aos integrantes dos dous equipos, o centro dispón de petos de cor azul que terán que ser utilizados durante os partidos.

22. Haberá premios para os dous primeiros equipos de cada unha das categorías.